

Dependencia ON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CONZIOU1	CON/41/2015	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes..

TIPO DE LICITACIÓN: 140.124,09 euros máis IVE. **PROCEDIMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 7 de setembro de 2015, ás 10:15 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Noa María Morales Sánchez
Vocales: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
 D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
 D. Juan Garabato, técnico en programación e xestión deportiva.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: Dna. Rocio Montañés Fernández, xefe do Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios.

Tamén asisten:

D. Anibal Soto Fernández, en representación de **ZONAS VERDES**; Dª Patricia Fontela Martínez, en representación de **CESPA, S.A.**;
 D. Angel Álvarez Fernández, en representación de **ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.**; Esther González Carquejero, en representación de **TALHER, S.A.**; D. David Puñal Bol, en representación de **JARDINERIA ARCE, S.L.**

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	21/08/2015	37.835	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL
2	25/08/2015	38.035	DUNA INGENIERIA Y AREAS VERDES S.L.
3	25/08/2015	38.087	ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.
4	26/08/2015*	38.159	TALHER S.A.
5	26/08/2015*	38.160	JARDINERIA ARCE S.L.
6	27/08/2015*	38.287	CESPA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA
7	27/08/2015*	38.304	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO S.L
8	27/08/2015*	38.305	ELSAMEX SA

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	MELLORAS
1	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL	127.234,46	200 m ² rede recollebalóns
2	DUNA INGENIERIA Y AREAS VERDES S.L.	120.156,40	200 m ² rede recollebalóns
3	ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	114.840,00	200 m ² rede recollebalóns
4	TALHER S.A.	120.601,80	200 m ² rede recollebalóns
5	JARDINERIA ARCE S.L.	98.997,67	200 m ² rede recollebalóns
6	CESPA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA	99.969,28	200 m ² rede recollebalóns
7	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO S.L	113.500,00	200 m ² rede recollebalóns
8	ELSAMEX SA	119.385,00	200 m ² rede recollebalóns

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONZIOU1	<i>Expediente</i> CON/41/2015	




Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio. Acorda así mesmo, nomear ao responsable de Parques e Xardíns colaborador na realización do informe técnico, no que respecta á aspectos de protección de zonas verdes.

Ás 10:37 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONZIOU1	Expediente CON/41/2015	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes..

TIPO DE LICITACIÓN: 140.124,09 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/ Pte.Salvador Allende, 6-8, 22 de setembro de 2015, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. Noa María Morales Sánchez

Vocales:

- D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
- D. Juan Garabato, técnico en programación e xestión deportiva.
- D. José Antonio Mosquera, xefe de departamento de parques
- Dª Ana Gago, viceinterventora xeral Municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

En primeiro lugar dase conta aos membros da mesa do erro advertido na lectura pública da oferta económica presentada pola empresa TALHER, S.A., que provocou unha pequena confusión ó vir expresada co ive engadido, de tal xeito que a base impositiva real sería de 99.670,91 euros, procedendo polo tanto a realizar a correspondente corrección de erro subsanando a redacción da acta anterior.

Analizada a documentación, os distintos membros da mesa comprobamos esta circunstancia, amosándose conformes con esta conclusión, procedendo seguidamente ó exame do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador JARDINERIA ARCE S.L.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Proceder a corrección do erro advertido na oferta presentada pola empresa TALHER, S.A., quedando a táboa das cifras ofertadas polos distintos licitadores como segue:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	MELLORAS
1	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL	127.234,46	200 m ² rede recollebalóns
2	DUNA INGENIERIA Y AREAS VERDES S.L.	120.156,40	200 m ² rede recollebalóns
3	ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	114.840,00	200 m ² rede recollebalóns
4	TALHER S.A.	99.670,91	200 m ² rede recollebalóns
5	JARDINERIA ARCE S.L.	98.997,67	200 m ² rede recollebalóns
6	CESPA COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA	99.969,28	200 m ² rede recollebalóns
7	ZONAS VERDES ANIBAL SOTO S.L	113.500,00	200 m ² rede recollebalóns
8	ELSAMEX SA	119.385,00	200 m ² rede recollebalóns

SEGUNDO: Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador JARDINERIA ARCE S.L., que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 98.997,67 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa



CONCELLO DE SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONZI0U1	<i>Expediente</i> CON/41/2015	

15078DCONZI0U10



necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE

A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

INFORME DEPARTAMENTO DE DEPORTES

ASUNTO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS E INCLUÍDAS NO SOBRE 2 PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS ADSCRITOS Á XESTIÓN DO DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE DEPORTES.

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración, coa colaboración do Xefe do Departamento de Parques e Xardíns, sobre o asunto anteriormente indicado, considerándose as seguintes empresas:

1. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
2. DUNA INGENIERIA Y AREAS VERDES, S.L.
3. ORTO PARQUES Y JARDINES, S.L.
4. TALHER, S.A.
5. JARDINERÍA ARCE, S.L.
6. CESPA COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, S.A.
7. ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.
8. ELSAMEX, S.A.

Para avaliar as propostas económicas presentadas por cada unha das empresas anteriormente enumeradas, aplicáronse os criterios de adxudicación definidos no punto 10.2 do prego de cláusulas administrativas, que son os seguintes:

1.- Prezo: 50 puntos

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de prezo máis baixo da oferta. Obtido o orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 50 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: Puntuación da oferta

P_m: Puntuación máxima posible (50 puntos)

O_b: Importe da oferta máis baixa

O_n: Importe da oferta a puntuar.

2.- Melloras: a puntuación máxima por este concepto sería de 10 puntos.

"Substitución de X metros cadrados de rede recollebalóns de nylon de alta resistencia, especial exteriores, de como mínimo 4 mm de grosor de fio e unha malla de 100mmx100mm a instalar nas instalacións obxecto de contrato segundo a seguinte valoración:

CANTIDADE	PREZO ESTIMADO	PUNTUACIÓN
50 m ² de rede recollebalóns	300 €	2,5 puntos
100 m ² de rede recollebalóns	600 €	5 puntos
150 m ² de rede recollebalóns	900 €	7,5 puntos
200 m ² de rede recollebalóns	1.200 €	10 puntos

En base ás ofertas presentadas polas licitadoras o cadro de puntuación tendo en conta os criterios citados quedaría como a continuación se expón:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS	MELLORA	PUNTOS	PUNTOS TOTAIS
Galitec Desenvollos Tecnolóxicos, S.L.	127.234,46 €	38,90	200 m2	10	48,90
Duna Ingeniería y Areas verdes S.L.	120.156,40 €	41,20	200 m2	10	51,20
Orto Parques y Jardines, S.L.	114.840,00 €	43,10	200 m2	10	53,10
Talher, S.A.	99.670,91 €	49,66	200 m2	10	59,66
Jardinería Arce, S.L.	98.997,67 €	50,00	200 m2	10	60,00
Cespa, S.A.	99.969,28 €	49,51	200 m2	10	59,51
Zonas Verdes Aníbal Soto, S.L.	113.500,00 €	43,61	200 m2	10	53,61
Elsamex, S.A.	119.385,00 €	41,46	200 m2	10	51,46


Por outra banda, cómpre informar que o prego técnico, ademais dunha exhaustiva definición dos labores a realizar en cada unha das instalacións, define a maquinaria e persoal mínimo que o adxudicatario debe por a disposición do servizo. Así mesmo, establece que as empresas terán que incluír na súa oferta unha proposición cuantitativa e cualitativa do persoal que ofrecen a disposición destes traballos, que xustificarán na súa magnitude e composición por categorías profesionais, así como, a súa organización para a boa execución dos labores de conservación.

Respecto desta información (que non é obxecto de puntuación), cabe destacar que as ofertas presentadas son bastante heteroxéneas, sendo especialmente explícitas algunhas delas como as entregadas por Orto Parques y Jardines S.L., Talher S.A., Jardinería Arce S.L. y Cespa S.A. O resto de propostas son máis simples respecto desta información, xerando nalgún caso certas dúbidas ao respecto que recomendarían confirmar os datos presentados de resultar adxudicatarias.

Por último, indicar que a criterio dos técnicos que subscriben ningunha das ofertas se atopa en baixa desproporcionada ou anormal.

Tendo en conta o exposto, a puntuación final ordenada de maior a menor quedaría como segue:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN FINAL
1.-	Jardinería Arce, S.L.	60,00
2.-	Talher, S.A.	59,66
3.-	Cespa, S.A.	59,51
4.-	Zonas Verdes Aníbal Soto, S.L.	53,61



CONCELLO DE
SANTIAGO

5.-	Orto Parques y Jardines, S.L.	53,10
6.-	Elsamex, S.A.	51,46
7.-	Duna Ingeniería y Areas verdes S.L.	51,20
8.-	Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	48,90

En conclusión, á vista das propostas consideradas, a oferta máis vantaxosa e que acada a maior puntuación é a presentada pola empresa JARDINERIA ARCE, S.L.

É canto temos que informar, salvo opinión mellor fundada.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2015

Asdo.: **José A. Mosquera Rodríguez**
Xefe do Departamento de Parques e
Xardíns



Asdo.: **Juan C. Garabato Rodríguez**
Técnico en Programación e Xestión
Deportiva

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONZI0U1	<i>Expediente</i> CON/41/2015	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do departamento municipal de deportes.

TIPO DE LICITACIÓN: 140.124,09 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/ Pte. Salvador Allende, 6-8, 6 de outubro de 2015, ás 9:20 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D^a Noa Morales Sánchez

Vocales:

- D. Rafa Peña Vidal, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP
- D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
- D. Juan Garabato, técnico en programación e xestión deportiva.
- D^a Inmaculada Viña, Interventora xeral Municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario JARDINERIA ARCE S.L., consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA